

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
(Lugo)
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

DECRETO NÚM. 468/2021 DO ALCALDE DO CONCELLO DE MEIRA DE ALZAMENTO DA SUSPENSIÓN DA CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE MEIRA.

Vista a documentación existente no expediente resultan relevantes os seguintes:

I.- FEITOS:

Primeiro.- Mediante Decreto do Alcalde do Concello de Meira número 337/2020 aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no procedemento selectivo para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo do Concello de Meira e convocábase a celebración da primeira proba para o día 12 de novembro do 2020.

Segundo.- Considerando a situación de emerxencia sanitaria xurdida no mes de outubro do 2020 no Concello de Meira, cun elevado número de contaxios, mediante Decreto do Alcalde número 393/2020, procedeuse á suspensión da celebración da primeira proba.

Terceiro.- En data 8 de febreiro do 2021 presentan a renuncia dous dos membros do tribunal designado por Decreto do Alcalde do Concello de Meira número 336/2020.

II.- FUNDAMENTOS:

A base 8 das que rexen o presente procedemento selectivo establecen que terminado o prazo de presentación de solicitudes o titular do órgano competente ditará Resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, no prazo máximo de dous meses.

A Resolución, que conterá a lista completa de persoas aspirantes admitidas e excluídas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Lugo, no Taboleiro de Edictos do Concello de Meira e na páxina web municipal (www.concellodemeira.com).

Finalizado o prazo de emenda de defectos das solicitudes, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, unha resolución declarando aprobada a relación definitiva de persoas aspirantes e excluídas, no prazo máximo dun mes, que poderá ser prorrogado por causas xustificadas e previa resolución motivada.

A proposta do Tribunal cualificador, poderase indicar na citada resolución, xunto coa data, lugar e hora de realización da primeira proba, sen prexuízo de que con anterioridade o Tribunal publique estas mediante anuncio do Tribunal cualificador.

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta as atribucións outorgadas pola lexislación en materia do réxime local, este Alcalde, **RESOLVE:**

Primeiro.- Alzar a suspensión decretada por Decreto do Alcalde do Concello de Meira número 393/2020 para a celebración do primeiro exercicio do procedemento selectivo para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo do Concello de Meira.

Segundo.- Aceptar as dúas renuncias das persoas designadas como presidente e suplente do presidente procedendo ao nomeamento das seguintes persoas como membros do tribunal cualificador do devandito procedemento selectivo:



CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
(Lugo)
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

1.- Presidente: Manuel Carramal Silva (Técnico de Administración Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra), suplente: Mónica Giménez López (Letrada da Deputación Provincial de Lugo).

2.- Vogais:

-José Ramón Rivas Díaz (Administrativo do Concello de A Pontenova), suplente: José Miguel Veigas Méndez (Xefe de Sección de Dominio Público da Demarcación de Costas de Galicia en A Coruña).

-Julia Vázquez Silvarrey (Xefa de Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial de Lugo), suplente: Manuel A. Trabado Trabado (Xefe da Unidade de Obras e Plans do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo).

-Pilar Rozas Alonso (Secretaria accidental do Concello de Meira), suplente: Elisa González López (Adxunta Xefa de Sección de Actas da Deputación Provincial de Lugo).

3.- Secretaria: Ana Lucía Pardal Peña (Técnico de Información Profesional de Demandantes de Emprego da Deputación Provincial de Lugo), suplente: Jesús Reguera López (Coordinador Xefe II de Apoio e Asuntos Sociais da Deputación Provincial de Lugo).

Terceiro.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para o acto de constitución do mesmo que terá lugar o día 19 de novembro do 2021 no Salón de Sesiós do Concello de Meira ás 17:00 horas.

Cuarto.- Convocar a todos/as os/as persoas aspirantes para o **venres día 3 de decembro de 2021, ás 17:00 horas no pavillón polideportivo municipal**, sito na rúa Federico González López, s/n, do Concello de Meira para realización do primeiro exercicio que ten carácter obrigatorio e eliminatorio. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio da oposición en chamamento único.

Quinto.- Ordenar a publicación desta Resolución no Boletín oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Meira e na páxina web municipal (www.concellodemeira.com).

Sexto.- Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Tribunal e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre.

Así o mandou o Alcalde do Concello de Meira, do que eu, Secretaria-Interventora accidental, dou fe.

Meira, 14 de outubro de 2021

A secretaria accidental

Pilar Rozas Alonso

O alcalde

Antonio de Dios Álvarez

